

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ISIDORA RIESTRA
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 13/MAIO/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo.	1.- Participa con interese na interpretación das cancións, procurando unha mellor entoación, afinación e precisión rítmica.
2.- Utilizar de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	2.- Asimila e relaciona os conceptos de altura coa melodía, e de duración co ritmo e as figuras musicais.
3.- Interpretar un repertorio básico de cancións.	3.- Coñece as recomendacións básicas para a práctica instrumental coa frauta doce.
4.- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais.	4.- Colabora na construción dun instrumento a partires de material de refugallo-
5.- Interpretar un repertorio básico de danzas.	5.- Esforzase na correcta execución rítmica dos movementos corporais.
6.- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	6.- Interpreta vocal e instrumentalmente sinxelos pasaxes musicais por medio da lectura de grafías convencionais.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación será global e continua. A clase de música é totalmente activa polo que o principal procedemento de avaliación ,é a observación directa da actividade e actitude do alumnado ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas. Para esta situación especial as actividades propostas teñen un carácter activo de desenvolvemento dende a casa.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>O principal instrumento de avaliación serán os datos que se teñen recopilados da 1º e 2º avaliación, tendo en conta a participación nas actividades propostas para este trimestre, xa que non podemos esquecernos dos problemas de adaptación a esta nova situación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso sairá de valoración dos contidos, procedementos e actitudes ,atendendo as actividades de ritmo, entoación, discriminación auditiva, linguaxe musical, expresión instrumental, seguimento das audicións da primeira e segunda avaliación e participación nas actividades propostas para este trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non se contempla nesta etapa.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Atendendo as anteriores avaliacións, e sempre considerando que esta avaliación só pode repercutir positivamente,valorarase se acadou os mínimos para superar a materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Dado que a clase de música é totalmente activa, as actividades propostas serán totalmente activas e de participación dende a casa, coas limitacións que isto supón. Serán actividades de aprendizaxe lúdicas de ritmo, canto, musicogramas, percusión corporal etc.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para levar a cabo a conexión co alumnado creouse un blog onde semanalmente vanse poñendo as distintas actividades, paralelamente cada nivel está en contacto con un grupo de whatsapp onde o alumnado vai manifestando se atopa algunha dificultade. En canto aos alumnos sen conectividade mediante teléfono déronse as pautas para que foran realizando tarefas de repaso propostas na clase sobre todo para alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º para que non perdan soltura no manexo da frauta.
Materiais e recursos	Ordenador, teléfono, material de linguaxe musical ,cancioneiros, colección de audios de diferentes estilos, recursos online.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web, abalar, correo electrónico, medios telefónicos, videoconferencias.
Publicidade	Publicación páxina web.